

# 4 poemas nunca antes vistos

Estíbaliz ESPINOSA

## INSTRUCCIÓNES

achégate. non fagas moito ruído. durmo.  
sostén o medicamento coa man esquerda mentres a dereita o abre lentamente.

recolle a miña cabeza co dorso da túa man. se pos os teus beizos na miña fronte comprobarás que subiu a febre. no teu peito apoias a miña cabeza inflamada de delirios. fóra vai un vento especial. un vento querido.

coas mans libres termas dunha diminuta culler branca e o preparado que se verte sobre ela. murmuro cun fío de voz que a xeometría está equivocada. dime que cale (*cala, deliras*) e ponme a menciña nos labios. asegúrate de que a trago ben e volve deixarme con coidado sobre a almofada. cóntame cousas no oído, moi baixño, só para min, para que me durma.

e pecha as cortinas. non nos vaian ver

(do poemario inédito un dous,  
2000/2001)

## **o meu inédito preferido**

de todos os meus poemas inéditos  
este é o meu preferido  
este, que non di nada,  
que se aproxima á indefensión

cando ti o les  
eu sento no trono más leve do mundo  
estamos unidos por unha pisca de herba  
por unha manchiña no papel

estamos unidos por un capricho na sucesión do tempo  
porque ti non viviches antes ca min  
eu podo dicilo

unidos como a palabra *lazaward* e a palavra *azul*

algo tan tenue entre os dous  
que nin sequera sei se existe  
o meu inédito preferido

nin volverei falar do tema

*inédito* 2003

\*\*\*

andar fozando nos corpos coma pequenos bichos  
iso escríbese igual ca min fozando nesta folla como  
unha cascuda en celo

## incomunidade

*non sigas lendo. isto é unha trampa.*

non vou dicirche que faría canto quixeras

*e estamos incriminados nela, ti e mais eu*

non vou dicirche que quizais non

*e debes seguirme punto por punto ata o final*

non vou dicirche que enterrei todas as palabras

*estás atrapado agora, e a vida váiselle a este poema*

*poderás empezalo unha e mil veces e unha e mil veces acabará da mesma forma*

*estamos só os dous e ti fasme sentir que todo isto é certo*

pero se non é certo, por qué segues aquí

por qué segues

a piques de caer nesta trampa indivisa

na vida que se lle vai a este poema, secamente

*faría canto quixeras*

*quizais non*

*enterrei todas as palabras*

quédanme estas para dicirche que quero

aprender

o teu rostro

de memoria

*para alberto augusto miranda, que foi cousa súa*